

PE 02: CONCESIÓN, MANTEMENTO, RENOVACIÓN, SUSPENSIÓN E ANULACIÓN DA LICENZA DE USO

1. - OBXECTO.....	2
2. - ÁMBITO DE APLICACIÓN	2
3. - DOCUMENTOS DE REFERENCIA.....	2
4. – DEFINICIÓNS	2
5. - DESENROLO	3
5.1. Solicitud de licenza de uso	3
5.2. Revisión da solicitude	3
5.3. Elaboración dos Pregos de Condicións.....	3
5.4. Actividades de verificación	4
5.5. Proposta ao Comité de Certificación.....	4
5.6. Concesión da licenza de uso da marca de garantía	4
5.7. Modificacións acontecidas no período de concesión	4
5.8. Mantenemento da licenza de uso da marca de garantía	5
5.9. Renovación da licenza de uso da marca de garantía	5
5.10. Suspensión da licenza de uso da marca de garantía	5
5.11. Anulación da licenza de uso da marca de garantía	6
6. - REXISTROS	7
7. - ANEXOS	8
➤ Diagrama de fluxo funcional da actividade de concesión	8

Rev	Apartados modificados
05	5.6 (Terceiro paragrafo) 5.9 (Segundo paragrafo) Inclusión de táboa de identificación de cambios
06	5.1 e DFF (Eliminación do impreso de solicitude de información)
07	Cambio de xerencia
08	5.2. Eliminación dos dous últimos parágrafos e inclusión do último.
09	Cambio de xerencia
10	3. Elimínase o impreso de solicitude de información 5.6 (Último paragrafo)
11	2 5.11 d), e) e f).
12	Cambio de xerencia
13	5.10, 5.11 inclusión da suspensión e/ou anulación da licenza a instancia do licenzatario

ELABORADO e REVISADO	APROBADO
ASINADO: M ^a Belén Vidal Piñeiro CARGO: Responsable de Calidade	ASINADO: Ana Méndez Gil CARGO: Directora Xerente



PE 02: CONCESIÓN, MANTEMENTO, RENOVACIÓN, SUSPENSIÓN E ANULACIÓN DA LICENZA DE USO

1. - OBXECTO

O presente procedemento ten por obxecto establecer a sistemática seguida por GALICIA CALIDADE, S.A.U. para as actividades de concesión, mantemento, renovación, suspensión e anulación da licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade*.

2. - ÁMBITO DE APLICACIÓN

O presente documento é de aplicación a todas as solicitudes de concesión da licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade* recibidas por GALICIA CALIDADE, S.A.U., así como as licenzas concedidas e a todos os supostos que podan provocar anulación ou suspensión de dita licenza.

3. - DOCUMENTOS DE REFERENCIA

- **"Solicitud oficial de concesión da licenza de uso da marca de garantía Galicia Calidade"**
- **PE 01:** Actividades de verificación para a concesión, mantemento e renovación da licenza de uso.
- **PE 03:** Ampliación e redución do alcance da licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade*.
- **Estatutos de GALICIA CALIDADE, S.A.U.**
- **Regulamento de uso da marca de garantía *Galicia Calidade***
- **DN-03-01:** Regras para o emprego da marca de garantía *Galicia Calidade*
- **Pregos de Condicións** que sexan de aplicación.

4. - DEFINICIÓNS

- **LICENZA DE USO:** Dereito a usar a marca de garantía *Galicia Calidade*, outorgado pola Xunta de Galicia por decisión do Comité de Certificación de GALICIA CALIDADE, S.A.U.
- **PREGO DE CONDICIÓNS:** Documento que recolle os requisitos esixidos por GALICIA CALIDADE, S.A.U., aos produtos que soliciten a licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade*.
- **PRODUTO:** Produto ou servizo resultante dun proceso



PE 02: CONCESIÓN, MANTEMENTO, RENOVACIÓN, SUSPENSIÓN E ANULACIÓN DA LICENZA DE USO

5. - DESENROLO

5.1. Solicitud de licenza de uso

As empresas interesadas en utilizar a marca de garantía *Galicia Calidade* deberanse poñer en contacto con GALICIA CALIDADE, S.A.U., e informaráselles convenientemente do necesario para a obtención de dita marca.

A empresa que decida iniciar os trámites, recibirá información acerca dos diferentes procesos nos que se vai ver implicada para obter e manter a licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade*, así como o impreso de solicitude e a relación de documentación necesaria para iniciar os trámites.

O primeiro a realizar pola empresa solicitante é cubrir a solicitude de licenza de uso, facilitada por GALICIA CALIDADE, S.A.U., onde se consignarán os datos da empresa e dos produtos para os que solicita a licenza de uso da marca de garantía. A solicitude ha de ir asinada polo representante legal de dita empresa, quen se compromete a respectar o proceso de concesión e a recibir e prestar colaboración en dito proceso.

O impreso de solicitude e a documentación pedida será enviado a GALICIA CALIDADE, S.A.U. para a súa revisión.

A información recibida por GALICIA CALIDADE, S.A.U., tanto na solicitude como ao longo de todo o proceso de concesión, será considerada como confidencial a todos os efectos.

5.2. Revisión da solicitude

Unha vez recibida a solicitude oficial de concesión de licenza de uso, GALICIA CALIDADE, S.A.U., levará a cabo unha revisión da mesma e dos documentos que a acompañan, con obxecto de comprobar que:

- o alcance está claramente definido.
- a información subministrada é completa e adecuada, e
- calquera falta de entendemento entre GALICIA CALIDADE, S.A.U., e a empresa solicitante sexa emendada.

Se a documentación non fose completa ou adecuada pedirase á empresa que a complete ou mellore.

A Xerencia de GALICIA CALIDADE, S.A.U., comunicará á empresa solicitante a desestimación da súa solicitude, cando se dea o caso.

5.3. Elaboración dos Pregos de Condicións

No caso de que GALICIA CALIDADE, S.A.U. non dispoña de Pregos de Condicións para os produtos solicitantes, a Xerencia de GALICIA CALIDADE, S.A.U., decidirá acerca da elaboración dos mesmos.

Unha vez elaborado, o Prego de Condicións será revisado e aprobado pola Xerencia de GALICIA CALIDADE, S.A.U.



PE 02: CONCESIÓN, MANTEMENTO, RENOVACIÓN, SUSPENSIÓN E ANULACIÓN DA LICENZA DE USO

O Prego de Condicións servirá de referencial para a auditoría de concesión da licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade* para o produto ao que se refire.

5.4. Actividades de verificación

Levaranse a cabo segundo o establecido no PE 01: "Actividades de verificación para a concesión, mantemento e renovación da licenza de uso", de GALICIA CALIDADE, S.A.U.

O Departamento Técnico hase de asegurar que o alcance das actividades de verificación coincide co alcance da solicitude da licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade*.

5.5. Proposta ao Comité de Certificación

A Xerencia de GALICIA CALIDADE, S.A.U., ca información recollida nos informes de auditorías, emite unha proposta de concesión de licenza de uso da marca de garantía Galicia Calidade que será elevada a Comité de Certificación para a súa aprobación.

5.6. Concesión da licenza de uso da marca de garantía

Reunido o Comité de Certificación, este decidirá acerca da proposta, podendo aprobala, desestimala, ou establecer condicións complementarias para a mesma. Así mesmo poderá modificar o alcance de aplicación da licenza de uso da marca.

O resultado da decisión será comunicado pola Xerencia de GALICIA CALIDADE, S.A.U., á empresa solicitante.

Non se entregará o documento de concesión da licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade* ata que non estea en posesión de GALICIA CALIDADE, S.A.U. o contrato asinado pola empresa licenzataria para tal fin. Para poder facer uso da marca é necesario que GALICIA CALIDADE, S.A.U. revise e aprobe, segundo as indicacións recollidas no DN-03-01: "Regras para o emprego da marca de garantía *Galicia Calidade*", o Proxecto de Etiquetado que a empresa licenzataria ten que presentar.

Ningún documento ou informe, nin parte do mesmo, deberá ser utilizado de maneira enganosa por parte da empresa licenzataria.

A concesión da licenza de uso será por tres anos máximo, ca posibilidade de renovación ao transcorreren estes.

5.7. Modificacións acontecidas no período de concesión

A empresa licenzataria deberá comunicar a GALICIA CALIDADE, S.A.U.:

- cambios que afecten significativamente ao deseño ou especificación do produto, ao proceso de



PE 02: CONCESIÓN, MANTEMENTO, RENOVACIÓN, SUSPENSIÓN E ANULACIÓN DA LICENZA DE USO

elaboración do mesmo ou ao seu sistema de calidade, se ditos cambios son susceptibles de afectar á conformidade do produto;

- cambios nos propietarios, estrutura ou dirección da empresa licenzataria.

Nestes casos, e a partir de calquera outra información que suxira que o produto xa non cumpre cos requisitos da licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade*, GALICIA CALIDADE, S.A.U., realizará algunha actividade de verificación co fin de determinar en que medida se seguen cumprindo estes requisitos.

A empresa licenzataria non estará autorizada a poñer no mercado produtos certificados afectados por tales cambios, ata que GALICIA CALIDADE, S.A.U. llo notifique debidamente.

5.8. Mantemento da licenza de uso da marca de garantía

O departamento técnico de GALICIA CALIDADE, S.A.U., poñerá en coñecemento da Xerencia de dita entidade, o resultado das actividades de verificación (auditorías e inspeccións) para o mantemento; en caso de que o informe non sexa favorable, a Xerencia poñerá en contacto co representante da empresa licenzataria para tomar as accións oportunas. O mesmo se podería aplicar ás non conformidades derivadas dun mal uso da marca de garantía *Galicia Calidade*.

A non emenda de forma efectiva por parte da empresa licenzataria das non conformidades detectadas, será posta en coñecemento do Comité de Certificación de GALICIA CALIDADE, S.A.U. por parte da Xerencia, elevando unha proposta ao mesmo para determinar as accións pertinentes.

5.9. Renovación da licenza de uso da marca de garantía

Se dos informes das auditorías e inspeccións realizadas durante o período de concesión, así como da evolución dos mesmos (é dicir, do resultado das accións correctoras implantadas co fin de emendar as non conformidades atopadas), a Xerencia de GALICIA CALIDADE, S.A.U. non estima oportuna a renovación da licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade*, elevará esta proposta ao Comité de Certificación para que tome unha decisión.

Se estes informes son favorables, a renovación da licenza será automática, sempre que a empresa licenzataria estea de acordo e siga cumprindo cos requisitos esixidos para o uso da marca de garantía *Galicia Calidade*.

5.10. Suspensión da licenza de uso da marca de garantía

O Comité de Certificación de GALICIA CALIDADE, S.A.U., poderá suspender temporalmente a licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade* para un determinado produto. Esta suspensión poderá responder a algunha das seguintes causas:

- a) Incumprimento por parte da empresa licenzataria dos requisitos recollidos no Prego de Condicións



PE 02: CONCESIÓN, MANTEMENTO, RENOVACIÓN, SUSPENSIÓN E ANULACIÓN DA LICENZA DE USO

aplicable ao produto que utiliza a marca de garantía *Galicia Calidade*.

- b) Incumprimento por parte da empresa licenzataria, dos requisitos esixidos para o uso da marca de garantía *Galicia Calidade*.
- c) Uso indebido da marca de garantía.
- d) Falta de pago das tarifas anuais.
- e) Venda, absorción, fusión, ou cambios no conxunto de accionistas da empresa licenzataria, que afecten á estrutura da mesma.
- f) Reestruturación dos criterios esixidos para o uso da marca de garantía *Galicia Calidade* no sector ou actividade á que se aplica a mesma.
- g) Modificacións acerca da natureza, características, ou forma de obtención do produto ou servizo que ostenta a marca de garantía *Galicia Calidade*.

O Comité de Certificación decidirá a suspensión da Licenza de Uso da marca de garantía *Galicia Calidade* durante o tempo que determine, ou condicionará a duración da suspensión ao restablecemento, por parte da empresa suspendida, das condicións adecuadas para o uso da marca de garantía *Galicia Calidade*.

A suspensión da licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade*, cando sexa decidida por razóns disciplinarias, non eximirá á empresa licenzataria do abono das tarifas anuais correspondentes durante a suspensión.

A empresa licenzataria poderá solicitar, de xeito motivado, a suspensión da licenza de uso, e abondará coa resolución da Xerencia de GALICIA CALIDADE, S.A.U., para facerse efectiva. Esta suspensión non exime á empresa licenzataria da satisfacción das débedas que se correspondan ao canon de uso da marca de garantía ata a data de dita suspensión.

Durante o tempo que dure a suspensión, a empresa licenzataria non poderá utilizar a marca de garantía *Galicia Calidade* nos produtos ou servizos suspendidos. GALICIA CALIDADE, S.A.U., tomará as medidas oportunas para o cumprimento efectivo desta suspensión. O incumprimento dunha suspensión de licenza de uso da marca provocará a anulación de dita licenza.

GALICIA CALIDADE, S.A.U., poderá facer públicas as suspensións das licenzas de uso da marca de garantía *Galicia Calidade*.

5.11. Anulación da licenza de uso da marca de garantía

O Comité de Certificación de GALICIA CALIDADE, S.A.U., poderá anular a licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade* para un determinado produto. Esta anulación poderá responder a algunha das seguintes causas:



PE 02: CONCESIÓN, MANTEMENTO, RENOVACIÓN, SUSPENSIÓN E ANULACIÓN DA LICENZA DE USO

- a) Incumprimento grave ou reiterado por parte da empresa licenzataria, dos requisitos recollidos no Prego de Condicións aplicable a dito produto que utiliza a marca de garantía *Galicia Calidade*.
- b) Incumprimento grave ou reiterado por parte da empresa licenzataria, dos requisitos esixidos para o uso da marca de garantía *Galicia Calidade*.
- c) Uso indebido ou fraudulento da marca de garantía.
- d) Falta de pago reiterado das tarifas anuais, ou falsidade nos datos de facturación, base para o cálculo das tarifas.
- e) Venda, absorción, fusión, ou cambios no conxunto de accionistas da empresa licenzataria, que afecten á estrutura da mesma de forma irreversible.
- f) Modificacións irreversibles acerca da natureza, características, ou forma de obtención do produto ou servizo que ostenta a marca de garantía *Galicia Calidade*.

A anulación da licenza de uso da marca de garantía terá carácter definitivo, non podendo a empresa á que se lle anulou a licenza volver a solicitar unha nova.

A empresa licenzataria poderá solicitar, de xeito motivado, a anulación da licenza de uso, e abondará coa resolución da Xerencia de GALICIA CALIDADE, S.A.U., para facerse efectiva.

A anulación da licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade*, non eximirá á empresa licenzataria do abono das tarifas anuais pendentes.

A anulación da licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade*, levará consigo a prohibición do uso da marca en todos os produtos anulados, e a súa inmediata retirada do mercado. GALICIA CALIDADE, S.A.U., tomará as medidas oportunas para o cumprimento efectivo desta anulación.

GALICIA CALIDADE, S.A.U., poderá facer públicas as anulacións das licenzas de uso da marca de garantía *Galicia Calidade*.

GALICIA CALIDADE, S.A.U., poderá exercer as accións legais oportunas para pedir as indemnizacións polo dano ocasionado pola empresa á que se lle anulou a licenza de uso.

GALICIA CALIDADE, S.A.U., poderá notificar á autoridade competente, previa comunicación á empresa licenzataria, as razóns que provocaron a anulación da licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade*, por se constituísen delito ou infracción da lexislación vixente aplicable.

6. - REXISTROS

- Licenza de uso da marca de garantía *Galicia Calidade*



PE 02: CONCESIÓN, MANTEMENTO, RENOVACIÓN, SUSPENSIÓN E ANULACIÓN DA LICENZA DE USO

7. -ANEXOS

ANEXO I: Diagrama de Fluxo Funcional da Actividade de Concesión

